

PON EN PRÁCTICA

6. Investiga de que material están feitas as áncoras dos barcos. Explica o porqué.

7. Imaxina que a un compañeiro e a ti vos proporcionan un balde grande cheo de auga e unha botella baleira para cada un. Deseguido cronometraredes cal dos dous tarda menos en encher a botella baleira. Para iso, poderedes escoller unha destas dúas opcións:

- Mergullar a botella completa no balde ata enchela.
- Mergullala de tal maneira que media boca da botella estea dentro da auga e a outra metade fóra.

Cal das dúas opcións elixirías para ser o primeiro en encher a botella? Xustifica a túa resposta.



EMPRENDE

Un compañeiro da clase está moi preocupado porque o profesor lle pediu que calcule o volume da súa buxaina. Eu quero axudalo.

- Como o fago?
- Que procedemento podería recomendarlle para realizar o traballo que lle encomendaron?
- Que aparellos debería utilizar?
- Hai outros procedementos para calcular o volume desa buxaina?
- Debuxa todo o proceso que levarías a cabo ata obter o resultado final.

REFLEXIONA

Diario de aprendizaxe

Os seres vivos somos materia?

Que ocorreu coa materia que existía hai millóns de anos?

Que aspectos dos que estudamos son os que che quedaron máis claros?

Que lles recomendarías aos teus compañeiros e compañeiras do próximo curso cando estuden esta unidade?